

**PLAN DE
BENESTAR
E
CONVIVENCIA**



1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.

Segundo indica a orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, a Dirección nomea a Dona María del Amparo Arias Cobreros como persoa coordinadora de benestar e convivencia, que en colaboración co Equipo de Convivencia do noso Centro, o departamento de Orientación e o Equipo Directivo, terán como obxectivo velar polo cumprimento das funcións sinaladas pola administración educativa.

Segundo as últimas investigacións publicadas no noso país e en concreto na nosa comunidade, o maltrato entre iguais, sexa presencial ou dixital, as condutas inapropiadas na aula ou violencia de baixa intensidade e a discriminación por xénero son as formas de violencia que se dan con maior frecuencia entre o alumnado.

No noso centro somos conscientes da enorme incidencia que o clima escolar ten sobre os aprendizaxes e o benestar (e por tanto o éxito do alumnado), por iso é fundamental un estudo integral da convivencia.

Todas as accións propostas no noso centro e enmarcadas dentro deste plan, parten da premisa de construír espazos de convivencia.

Respecto a análise da realidade da convivencia no noso centro, partimos de ter feitas diversas reflexións e debates, tanto no equipo directivo coma no claustro de mestres/as, todas elas realizadas a partir dos resultados das análises das enquisas de convivencia, así como as diversas incidencias do día a día.

Podemos subliñar, despois desta análise o bo clima que, con carácter xeral, existe no noso centro, pero non queremos esquecer que no noso día a día aparecen distintos problemas na convivencia aos que debemos prestar a maior atención posible.

O Equipo de Convivencia pretende transmitir ao resto da comunidade educativa a importancia da prevención e a visión positiva do conflito. Se asumimos as imperfeccións, os problemas e os conflitos cunha adecuada xestión, o mesmo tempo que aprendemos das nosas experiencias, iremos avanzando tamén na construción de redes con realidades e situacións pacíficas, imperfectas pero cada vez menos violentas. En definitiva pretendemos cultivar a convivencia escolar como motor do progreso educativo.



2. ANÁLISE DO CONTEXTO E SITUACIÓN DE PARTIDA DO CENTRO.

Facemos unha análise do contexto e situación de partida por etapas, dado que o factor da idade é claramente diferenciador en canto a actitude e comportamento do alumnado, tamén é moi importante para establecer canles de mediación ou distintas medidas correctoras.

a) Perfil da convivencia en Educación Infantil.

Na etapa de Educación Infantil, en xeral, hai boa convivencia. Entre os nenos e nenas é moi boa, tanto entre os da mesma aula como cos outros niveis, sen contar os pequenos conflitos que xorden entre eles, froito da convivencia e moi habituais nestas idades. A relación entre o profesorado e os nenos e nenas tamén é moi boa así como coas familias.

Nesta etapa, segundo esta análise da realidade, adóptanse medidas de carácter preventivo, xa que non observamos situacións preocupantes.

As accións correctoras empregadas baséanse, sobre todo, no traballo diario co alumnado, realizado polas titoras e tamén no traballo coas familias, xa que na etapa de infantil temos un contacto diario e directo con elas. A comunicación é vital para traballar na mesma liña, escola e familia.

b) Perfil da convivencia en Educación Primaria.

Na etapa de Educación Primaria, non se dan no noso centro grandes conflitos ou alteracións da convivencia graves. A maioría das actividades (tanto lectivas coma complementarias), agás pequenas excepcións, realízanse nun clima sereno, de respecto, de harmonía e sempre atendendo ás normas establecidas.

As situacións que perturban o adecuado desenvolvemento das actividades nas aulas ou no centro son pouco significativas e de pouca gravidade, pero non por iso deixamos de manter unha actitude de escoita e prevención para evitar que pequenos desencontros xeren un clima negativo para a convivencia.

Para ser conscientes da realidade do centro, teremos en conta as respostas dadas polas familias e polo alumnado do centro nas enquisas realizadas dentro do plan de convivencia do centro, que podeades consultar en

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/documentosdecentro>



A continuación pasamos a concretar as situacións máis preocupantes despois de facer a nosa análise da realidade:

- En ocasións preocupa ao profesorado algún alumno/a que pode estar só no patio, obsérvase en algún neno ou nena falta de habilidades sociais para relacionarse cos compañeiros/as.
- Outra situación cotiá que se ven observando e repetindo con frecuencia nos últimos anos son os conflitos entre os/as nenos/as que xogan ao fútbol no momento do recreo. Mala xestión por parte dos participantes destas situacións.
- Preocúpanos as conductas indesexables na rede a unha idade cada vez máis temperá. Esta novidade fai que esteamos atentos dende o centro a posibilidade das distintas manifestacións de ciberacoso, a difusión de contravalores sexistas ou xenófobos, a mala xestión da privacidade ou os usos abusivos.

As medidas correctoras máis utilizadas son as seguintes:

- A acción titorial e o seguimento do alumnado evita ou cando menos mitiga, as situacións de conflito na aula.
- Actividades relacionadas co benestar e a convivencia co fin de desenvolver habilidades sociais.
- Cando a situación así o require, mantéñense entrevistas coas familias, nalgúns casos coa presenza da orientadora.

Para velar porque nos recreos, momento donde pode haber máis conflito, o profesorado ten un horario de gardas semanal (recollido na Programación Xeral Anual, que se pode consultar en <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/documentosdecentro>), respetando a ratio que establece a lexislación.



3. OBXECTIVOS E INDICADORES.

O obxectivo fundamental deste plan é:

A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, e o exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

Para acadar esta finalidade propoñemos os seguintes obxectivos xerais aos que ten que contribuír o plan de convivencia:

1. Dinamizar, xunto coa comisión de Convivencia establecida no centro, o Plan de Convivencia coa finalidade de dalo a coñecer a toda a comunidade educativa, así como o plan de benestar e a súa coordinadora de centro.
2. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
3. Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos.
4. Incrementar a presenza de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación ou a alimentación saudable, entre outros, de xeito transversal a todas as materias.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
6. Impulsar programas de prevención da conflictividade e da violencia no noso centro, promovendo a posta en práctica de accións educativas que redunden na mellora do clima escolar.
7. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no noso centro.
8. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións da contorna que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos así como o respecto.



4. PROCEDIMIENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DO PLAN E DE DIFUSIÓN.

O presente plan de traballo será obxecto dun seguimento de carácter trimestral nas distintas sesións da Comisión de Convivencia que sexan convocadas no centro. Nas ditas reunións os membros da mencionada comisión recibirán a información que sexa precisa sobre o desenvolvemento do plan en función das circunstancias concretas nas que o correspondente curso académico se estea a desenvolver. Así mesmo, serán recollidas as suxestións de mellora ou modificacións sobre a concreción anual do plan que puideran xurdir.

Por outra banda, a implementación da concreción anual do plan de traballo poderá ser abordada en calquera momento do curso que se considere necesario en reunións entre o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación, tendo sempre en consideración as propostas que calquera membro da comunidade educativa puidera efectuar.

Para levar a cabo o proceso avaliativo do presente plan poderán ser empregados tanto métodos de índole cualitativa (observación en distintos contextos, análise de documentos, opinións da comunidade educativa, etc.) como cuantitativa (por exemplo empregando enquisas ou cuestionarios a familias, alumnado, profesorado e outro persoal que traballe no centro). Esta avaliación estará en calquera caso orientada á mellora do plan de traballo e ao mellor axuste ás circunstancias nas que este vai ser desenvolvido.

Como resultado deste proceso avaliativo, o plan de traballo podería ser obxecto de modificacións coa finalidade de mellorar a súa eficacia e funcionalidade. Deste xeito, a finais de cada curso académico cómpre levar a cabo un proceso de reflexión neste eido para poder introducir, de ser o caso, as modificacións que se consideren oportunas de cara á elaboración da concreción anual do plan do curso seguinte.

No que respecta á difusión do plan de traballo que aquí se presenta, é preciso sinalar que será levada a cabo nunha reunión da comisión de convivencia a comezos de cada curso académico, así como a través da PXA que será visible na web do centro para toda a comunidade educativa. Así mesmo, as persoas que exerzan a titoría de cada un dos



grupos de alumnas e de alumnos poñerán en coñecemento destes aquelas cuestións relativas ao plan que consideren necesarias.

5. APROBACIÓN DO PLAN.

O presente plan de benestar e convivencia foi elaborado polo departamento de orientación e o equipo directivo coa colaboración da comisión de convivencia; foi informado ao claustro e avaliado e aprobado polo consello escolar o día 20 de de 2023.

O director.

Asdo: Marcos Bóveda González.